

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA” PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA) 2021-2027

En Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar da Xunta de Galicia nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e de conformidade, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e actuando no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente,

E doutra, a asociación seleccionada a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, Asociación “Ría de Pontevedra” (en adiante, GALP) con sede Departamento de Exportadores, núm. 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, concello de Marín, código postal 36900, provincia de Pontevedra, e con número de identificación fiscal G36593606 , representado pola súa presidenta, María del Carmen Vázquez Nores con número de identificación fiscal 35308466Q, nomeada por acordo do órgano competente da asociación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 18 dos seus Estatutos.

As dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados, establece no Título III, Capítulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP)

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

levarase a acabo mediante estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) deseñadas e executadas polos grupos de acción local.

Segundo.- O Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, regula no artigo 30 o Desenvolvemento Local Participativo, que se enmarca na Prioridade 3 do fondo de “Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas”.

A Prioridade 3 do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) encadrase no obxectivo político 5 da Unión, de “Unha Europa máis próxima aos seu cidadáns, fomentando o desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais”.

Terceiro.- O Programa do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura foi presentado por España á Comisión Europea con data 20 de outubro de 2022. O programa contempla o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) como unha ferramenta de dinamización do territorio e dentro da Prioridade 3 do fondo contempla as estratexias de desenvolvemento local participativo.

Cuarto.- En base á Orde do 10 de maio de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, e para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia, seleccionaranse un máximo de oito Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) e estratexias de desenvolvemento local participativo para as diferentes zonas pesqueiras do litoral galego.

Quinto.- De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde de 10 de maio de 2022, os GALP funcionarán baixo a figura de entidade colaboradora, para o cal se formalizarán os correspondentes convenios de colaboración.

Sexto.- A celebración do presente convenio de colaboración deberá publicarse conforme ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega.

Sétimo.- Mediante o presente convenio se determina o réxime de obrigas asumidas polos GALP, sen prexuízo das instrucións que no exercicio das súas competencias dite a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, como Organismo Intermedio de Xestión (OIX).

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Oitavo.- O GALP que asina declara, segundo o modelo que se xunta como Anexo II, que non está incurso en ningunha das circunstancias dos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e que non se atopan en ningún dos supostos establecidos no artigo 11.1.a) e b) e 3 do Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021 .

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar este convenio, coas seguintes:

CLÁUSULAS XERAIS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar as partes na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada pola resolución da conselleira do Mar de data 13.12.2022 e, en particular, as funcións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión, control, seguimento e avaliación das axudas para o desenvolvemento de dita estratexia.

Segunda.- Duración do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata o cumprimento dos compromisos que cada unha das partes asume coa subscripción do mesmo. En todo caso, a duración non será superior a catro anos, sen prexuízo da posibilidade de prórroga conforme o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O GALP non poderá disolverse ata transcorridos cinco anos despois do último pagamento realizado no marco da EDLP, salvo que o grupo garanta previamente á Consellería do Mar, a través de calquera medio admisible en dereito, as responsabilidades contraídas.

Terceira.- Ámbito territorial

O ámbito territorial de aplicación deste convenio é o territorio en que se desenvolverá a EDLP, e comprende os seguintes concellos: Bueu, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo e Meaño.

Cuarta.- Natureza do convenio

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Este convenio ten a natureza prevista no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do seu artigo 6.2.

Quinta.- Xurisdición

As cuestións litixiosas que poidan xurdir en interpretación deste convenio, unha vez rematada a vía administrativa, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sexta.- Da non constitución de garantía

A colaboración prevista neste convenio non se estende á entrega e xustificación dos fondos aos beneficiarios das axudas polo que, ao abeiro do artigo 65.1) e 2) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, non se considera necesaria a constitución de garantía.

Sétima.- Consentimento sobre a publicidade de axudas e sancións

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a sinatura deste convenio leva implícito o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos nos citados rexistros, que dependen da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Oitava.- Seguimento

1. Coa finalidade de garantir o efectivo cumprimento do convenio, constituirase unha comisión de seguimento paritaria, integrada por dous representantes da Consellería do Mar e dous do GALP, que serán quen ostenten a Presidencia e a Xerencia. A Comisión estará presidida pola persoa titular da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Poderán celebrarse reunións de maneira conxunta coas Comisións doutros GALP.

2. A Comisión terá como función o seguimento e control do cumprimento do convenio, resolvendo as dúbidas e controversias que se poidan suscitar na súa aplicación.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

No caso de discrepancia entre as partes, a Consellería do Mar terá a prerrogativa de interpretación do convenio.

Novena.-Modificación do convenio

Este convenio poderá modificarse pola Consellería do Mar, ben por iniciativa propia ou por previa petición motivada do GALP, mediante a subscrición da correspondente addenda e logo dos informes e autorizacións preceptivas. As modificacións deberán asinarse antes da finalización do prazo de vixencia.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando o orzamento asignado para a execución da EDLP varíe como consecuencia de reprogramacións do plan financeiro do programa do Fondo, do ritmo de execución da Estratexia, da redistribución de Fondos entre Estratexias dos GALP, da incorporacións de créditos a exercicios posteriores, ou calquera outra modificación orzamentaria, o convenio entenderase modificado sen necesidade de tramitación específica, agás que algunha das modificacións con leven autorización do Consello da Xunta de acordo coa normativa vixente, en cuxo caso recadárase autorización de dito órgano.

Ademais, as modificacións normativas comportarán a modificación deste convenio sen necesidade da mesma tramitación específica.

Décima.- Resolución do convenio

1. Este convenio poderá rescindir-se de mutuo acordo entre as partes ou por incumprimento das obrigas establecidas no mesmo.

2. No caso de grave irregularidade do GALP no exercicio das súas funcións, a Consellería do Mar poderá acordar a resolución unilateral do Convenio e a perda do GALP da súa condición de entidade colaboradora, que se tramitará respectando os principios aplicables do procedemento sancionador establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A estes efectos considéranse irregularidades graves:

- a) A ausencia ou atraso inxustificado na tramitación de expedientes e/ou a tramitación/selección de proxectos de xeito negligente ou arbitrario.
- b) A non aplicación do principio de portas abertas no acceso ao GALP.
- c) A ausencia de difusión da estratexia na comunidade local.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- d) A non adopción de medidas correctoras ou preventivas sinaladas pola Consellería do Mar como consecuencia das funcións de seguimento e control do programa que ten encomendadas.
- e) A perda polo GALP das condicións necesarias para ser seleccionado como entidade colaboradora.
- f) O incumprimento grave das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

3. A resolución do convenio suporá que o GALP perde a súa condición de entidade colaboradora e que non poderá percibir as axudas vinculadas ao capítulo IV do FEMPA (Prioridade 3), sen prexuízo dos supostos nos que proceda o reintegro dos Fondos e a imposición de sancións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con carácter previo, poderán adoptarse as medidas cautelares que se estimen oportunas co obxecto de non causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

4. Os proxectos promovidos polo GALP que se estean executando no momento da resolución do convenio, haberán de rematarse e xustificarse segundo as regras xerais.

5. No suposto de extinción por causa distinta á expiración do prazo de vixencia, o GALP deberá entregar un informe con toda a situación dos expedientes á data na que se dea por resolto o convenio. De ser o caso, a Consellería do Mar aboará a cantidade debida dende o último pago realizado, ata a data na que se dea por resolto o convenio.

6. No caso de disolución do GALP, ou cando este non precise os equipamentos adquiridos con cargo ao Programa, as axudas das que o GALP sexa adxudicatario destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento sostible na zona pesqueira, ou que persigan fins similares de desenvolvemento local.

7. Os restantes incumprimentos das funcións e obrigas do GALP poderán dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as irregularidades cometidas e dende a notificación do requirimento que sexa efectuado a tal fin.

Décima primeira.- Da modificación da EDLP

A modificación da EDLP deberá ser autorizada pola dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, previa solicitude motivada do GALP, e tendo en conta os resultados do proceso de avaliación, ou ben para dar resposta a causas extraordinarias.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Non se considera modificación da Estratexia a transferencia dun 15% da asignación financeira entre obxectivos estratéxicos do Programa de axudas, previa comunicación á dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

CLAUSULAS ESPECÍFICAS

Décima segunda.- Funcións da Consellería do Mar

1.As funcións da Consellería do Mar son as seguintes:

- a) Xestión e control financeiro do Programa.
- b) Asegurar a correcta aplicación da prioridade 3 do FEMPA no ámbito de actuación do GALP, realizando as verificacións administrativas e sobre o terreo das operacións, segundo corresponda.
- c) Aprobación, no seu caso, dos anticipos descritos no Programa.
- d) Aprobación e publicación das bases e convocatorias de axudas en medios oficiais para a aplicación das EDLP dos GALP, e resolución das mesmas.
- e) Comprobación da elixibilidade das operacións.
- f) Garantir que se dispón dun sistema informatizado de rexistro e almacenamento de datos contables relacionados con cada unha das operacións correspondentes ao Programa, e que se procede á recompilación de datos sobre a execución, necesarios para a xestión financeira, o seguimento, as verificacións, as auditorías e a avaliación.
- g) Realizar ao GALP as aportacións económicas establecidas, en concepto de gastos de funcionamento e animación.
- h) Garantir o cumprimento dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación establecidos nos artigos 46 a 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 e no artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139.
- i) Sen prexuízo da normativa aplicable, ditar instrucións relativas ao funcionamento e xestión da prioridade 3 do FEMPA, que serán de obrigado cumprimento por parte do GALP.
- j) Garantir o cumprimento da normativa comunitaria, estatal e autonómica.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

k) Aplicación de medidas antifraude, eficaces e proporcionadas e manter a necesaria cooperación co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude, a autoridade de xestión e outras autoridades responsables dos procedementos.

2. O Organismo Intermedio de Xestión non delegará nos GALP aquelas funcións previstas no Regulamento (UE) 2021/1060, que a Autoridade de Xestión previamente delegara nel.

3. A Consellería do Mar poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a coordinación de actuacións e outros aspectos que axuden á correcta aplicación da EDLP. A sinatura destes instrumentos será tida en conta polo GALP no exercicio das súas funcións.

Décimo terceira.- Principios de actuación dos GALP

1. Para o cumprimento dos obxectivos da EDLP, tendo en conta o carácter público dos Fondos que a financian, a actuación do GALP deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrência, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación do GALP:

a) Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non ao GALP, así como con outros GALP.

b) Imparcialidade, mediante o seguimento do procedemento que o GALP recolla na súa EDLP para evitar o conflito de intereses que afectará, en calquera caso, aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GALP. En todo caso, para evitar o conflito de intereses arbitrase un mecanismo para que, nas tomas de decisións dos órganos do GALP, as declaracións de intereses queden perfectamente documentadas e formen parte do expediente.

c) Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos, como dos proxectos subvencionados, así como das contratacións que deba facer o GALP.

d) Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, sistema contable permanentemente actualizado, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten, e na sinatura por persoa delegada, en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.

e) Libre concorrência, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación dos recursos humanos ou materiais, por parte do GALP, agás os de usos cotiáns de pequena contía.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- f) Obxectividade mediante a aplicación aos proxectos da normativa para a xestión da EDLP, en particular, dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidos e feitos públicos na propia Estratexia, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.
- g) Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais.
- h) Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GALP para a xestión da Estratexia, en particular, dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- i) Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da Estratexia.
- j) Eficiencia, de xeito que cun menor coste posible se consiga o maior beneficio económico e social, ou unha maior protección do medio ambiente, co fin de acadar unha mellor relación entre o importe, as actividades realizadas e a consecución dos obxectivos.

2. O GALP rexerase polo principio de portas abertas, entendido como a posibilidade da libre incorporación, tanto no momento da constitución do GALP como ao longo do período de execución do Programa, das entidades con implantación local que, reunindo os requisitos esixidos para adquirir a condición de asociadas, soliciten a súa incorporación ao GALP.

Décima cuarta.- Funcións do GALP

1. O GALP, en canto entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión da EDLP, asume as seguintes funcións e obrigas:

- a) As tarefas establecidas no artigo 33.3 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.
- b) Asesorar tecnicamente aos posibles beneficiarios de axudas, co fin de estimular o desenvolvemento económico e social do seu ámbito territorial, no marco da EDLP.
- c) Garantir a coherencia coa EDLP ao seleccionar ás operacións.
- d) Promover a dinamización territorial e a mobilización social, e divulgar as diferentes medidas incluídas na Estratexia.
- e) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- f) Informar aos beneficiarios das súas obrigas e guialos nas súas tarefas de xestión e comunicación. Comprobar o cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 e no Regulamento (UE) 2021/1139.
- g) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento das zonas pesqueiras, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como do Estado ou da UE.
- h) Aplicar o Manual de Procedemento do FEMPA para este tipo de intervención, que será proporcionado pola Consellería do Mar, así como utilizar a aplicación informática que facilite a mesma.
- i) Dinamizar, promover e valorizar a zona pesqueira e sensibilizar a todos os axentes, así como implicalos nas accións e actividades levadas a cabo polo GALP, facilitando a participación da sociedade no desenvolvemento do Programa.
- j) Posibilitar entre as entidades asociadas o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.
- k) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e convocatorias correspondentes.
- l) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- m) Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro, e prioritariamente as mulleres, mozos/as e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.
- n) Promover o traballo en rede das mulleres do sector pesqueiro e o seu asociacionismo.
- o) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas de pesca co fin de manter o seu atractivo, recuperar e desenvolver o patrimonio natural e cultura das zonas pesqueiras.
- p) Calquera outra que favoreza o desenvolvemento local participativo das zonas pesqueiras.

Décima quinta.- Difusión da EDLP.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Entre as actuacións de animación e de promoción do territorio do GALP, debe realizarse a difusión da estratexia na zona pesqueira. Con esta finalidade, o GALP deberá:

- a) Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio na maior extensión posible, co fin de que o Programa sexa coñecido pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.
- b) Dar publicidade das actividades programadas e realizadas de animación da EDLP á Consellería do Mar para que esta poida incorporala ás súas páxinas web.
- c) Ter á disposición do público, no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, así como nas páxinas web que correspondan, información actualizada do Programa, das axudas dispoñibles no marco deste, das normas do GALP para a xestión do Programa, convocatorias e demais información relevante.
- d) Difundir a Estratexia no territorio de actuación, as convocatorias e axudas dispoñibles no seu marco e a apertura de prazos de solicitude, de xeito que os coñeza a maior parte da poboación.
- e) Difundir, ao longo do período de programación, información relativa á evolución da EDLP.
- f) Dar a coñecer a sede do GALP mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións financiadoras no material impreso que use o GALP e nas actuacións promovidas por este.

As actuacións do GALP deben cumprir as regras de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 e no Regulamento (UE) 2021/1139.

- g) Dar publicidade ao principio de portas abertas do GALP.

Décima sexta.- Gastos de funcionamento e de animación dos GALP

1. En orde ao correcto cumprimento da aplicación da EDLP e das funcións do GALP, deberá dotarse dos medios persoais e materiais axeitados, para o que poderá realizar gastos de funcionamento e animación segundo o establecido no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/1060.

2. Os gastos de funcionamento ou explotación subvencionables son os vinculados á xestión, seguimento e avaliación da posta en práctica da EDLP, e consistirán en:

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- a) Gastos de persoal, que terá a cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión do Programa. Ditos gastos incluírán retribucións salariais, cotizacións á Seguridade Social e indemnizacións debidas á extinción dos contratos do persoal contratado para a implementación da EDLP.
- b) Asistencia técnica en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da EDLP. As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais, contables, e de auditoría.
- c) Gastos notariais, rexistrals e periciais.
- d) Subministracións externas (consumo de servizos de natureza diversa).
- e) Material informático, telemático e de reprografía.
- f) Gastos relativos á sede do GALP (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, telefonía, electricidade, limpeza, internet, material funxible, etc...).
- g) Gastos referidos á constitución de avais ou de garantías bancarias que sexan necesarios para a tramitación e concesión dos anticipos correspondentes á axuda pública destinada aos gastos de funcionamento e animación do GALP.
- h) Gastos de constitución de pólizas bancarias.
- i) Gastos vinculados ao traballo en rede.
- j) Gastos correspondentes a actividades formativas do persoal e membros do grupo.
- k) Gastos de seguros.
- l) Gastos relativos ao seguimento e avaliación da Estratexia.
- m) Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da Consellería do Mar, tales como os gastos de representación institucional, as axudas de custo e desprazamento e gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GALP, a excepción de calquera tipo de retribución por asistencia a elas. Tanto as axudas de custe coma os gastos por desprazamentos limitaranse as contías máximas que se establezan por instrución do organismo intermedio de xestión.

3. Non se consideran subvencionables os gastos seguintes:

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- a) Os derivados de despedimentos improcedentes.
- b) Os xuros debedores das contas bancarias.
- c) Os xuros e recargas de carácter tributario.
- d) As sancións pecuniarias administrativas e penais.
- e) O IVE recuperable, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación segundo a normativa nacional vixente.

4. Os gastos de animación da EDLP teñen a finalidade de intercambio entre as partes interesadas para subministrar información e fomentar a Estratexia, para apoiar aos beneficiarios potenciais con vista a desenvolver operacións e para mobilizar ás persoas e organizacións para que xeren novas ideas e leven a cabo actividades que beneficien á comunidade local.

Poderán ser subvencionables os seguintes gastos:

- a) Información, sensibilización, difusión e promoción da Estratexia no territorio de actuación.
- b) Fortalecer a capacidade dos axentes locais e das organizacións da comunidade.
- c) Cursos, encontros, xornadas, seminarios, congresos.
- d) Estudos, informes, publicacións.
- e) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.
- f) Intercambio de experiencias, visitas de estudo, viaxes, presenza en feiras e eventos, incluído fóra do ámbito territorial de actuación do grupo, etc. coa finalidade de proceder a valorizar e difundir o territorio do GALP e a EDLP.
- g) Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación e accións conxuntas.
- h) Valorización do patrimonio cultural inmaterial da zona pesqueira.
- i) Accións de sensibilización para difundir as condicións ambientais do territorio, así como os efectos negativos do cambio climático e as posibles accións de mitigación que se adopten no territorio.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

j) Calquera outro validado polo organismo intermedio de xestión.

5. O GALP realizará unha previsión anual de actuacións e gastos destinados á animación da EDLP, para o cal presentará anualmente, diante da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, un Plan de animación da EDLP.

O dito Plan de animación presentarse antes do 1 de febreiro de cada ano.

O Plan poderá ser obxecto de revisión no caso de que varíen as circunstancias inicialmente previstas, previa solicitude razoada do GALP, na que se xustifique a oportunidade e conveniencia dos cambios, en función dunha aplicación da EDLP máis eficaz e/ou eficiente.

6. O GALP poderá imputar os gastos de funcionamento e animación en que incorrese dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026.

7. A intensidade da axuda para os gastos de funcionamento e animación poderá ser do 100%.

8. Os gastos de funcionamento e animación serán executados e xustificados polo GALP presentando a seguinte conta xustificativa:

a) Memoria xustificativa da realización das actividades, pagos ou investimentos, sinalando os diferentes conceptos de gasto.

b) Declaración responsable de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo gasto.

c) Relación de facturas, indicando o número de facturas, nome da empresa emisora e NIF, importe total, con desagregación do IVE, e facturas orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados, xunto cos xustificantes bancarios do pagamento das ditas facturas.

d) Certificacións acreditativas de estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

e) Nóminas do persoal do GALP, TC e xustificantes da práctica do ingreso a conta do I.R.P.F. retido.

f) Relación dos gastos cos xustificantes, relativos ás axudas de custo.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

g) Na xustificación da adquisición de maquinaria e equipamento deberase xuntar unha relación dos equipamentos subvencionados na cal conste marca, modelo e número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación así unha certificación asinada polo xerente e ratificada pola persoa que ocupe a secretaría do grupo na que se fagan constar as características do investimento e o cumprimento das medidas de información e publicidade.

h) Na xustificación de xornadas, seminarios ou actividades semellantes deberase achegar copia dos temas tratados, relación de asistentes coas sinaturas correspondentes, diplomas asinados, conclusións, así como dossier de prensa con fotografías, se é o caso, e calquera outro documento que achegue evidencia da súa celebración.

h) A xustificación acompañarase dun informe de auditor de contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que cumpra coas instrucións específicas que se diten, e que certifique:

i. Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custo se certifica foron efectivamente realizadas.

ii. Que os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagos.

O Organismo intermedio de xestión poderá ditar instrucións para desenvolver a xustificación dos gastos de funcionamento e animación.

9. O GALP deberá empregar rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados, no que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados cos gastos de funcionamento e animación.

Para os cobros e pagamentos, o GALP utilizará unha única conta bancaria.

Ademais o GALP levará os libros e rexistros contables específicos para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas no presente convenio.

10. A Consellería do Mar aboará os gastos de funcionamento e animación ao GALP do seguinte xeito:

Previa petición dos GALP, poderá concederse un anticipo para os gastos de funcionamento e animación dun 50% do total do orzamento dispoñible en cada anualidade, e unha vez xustificadas os gastos correspondentes ao anticipo, o grupo poderá solicitar o 50% restante.

Os GALP poderán percibir pagamentos a conta e anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada, co límite da anualidade orzamentaria.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Os gastos serán xustificados trimestralmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

Os gastos de funcionamento e animación dos GALP non sometidos a anticipo xustificaranse como máximo o 20 de decembro de cada anualidade.

Excepcionalmente os gastos que se devenguen no exercicio corrente pero que se abonan ao mes seguinte (retencións de IRPF, Seguridade Social, etc) poderán imputarse ao orzamento do ano seguinte e xustificarse ata o 31 de xaneiro do mesmo. Na última anualidade, estes custos poderán xustificarse ata o 31 de xaneiro do ano seguinte.

O GALP reintegrará á Administración Autonómica os fondos recibidos e non xustificados, ou xustificados indebidamente.

11. Os fondos públicos transferidos á conta bancaria non poderán ser destinados a unha finalidade diferente para o cumprimento do fin para o que foron concedidos.

12. O GALP poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para o cumprimento dos seus fins.

Décima sétima.- Persoal do GALP

1. O GALP deberá contar co persoal necesario para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora, das que unha, como mínimo, será a persoa encargada da xerencia.

O equipo técnico do GALP pode estar constituído por un/unha xerente, persoal técnico, e persoal administrativo.

2. A selección do persoal do GALP deberá cumprir, ademais dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, os principios de:

- a) Publicidade da convocatoria e das bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade dos membros do órgano de selección.
- d) Adecuación entre o contido do proceso e as funcións e tarefas que se van a desenvolver.

3. A selección de persoal cumprirá os seguintes requisitos:

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- a) Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou na provincia ou provincias, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal lle enviará unha comunicación do anuncio.
- b) Apertura dun prazo de, polo menos, quince días hábiles para a presentación de solicitudes, que empezará a contar desde a última publicación nos medios indicados na letra anterior.
- c) Realización dun procedemento de selección que garanta os coñecementos do persoal.
- d) Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.

4. As características dos postos de traballo que poida contratar o GALP serán as seguintes:

- a) Xerente, que é o máximo responsable técnico do Programa, con titulación de licenciado ou equivalente; título universitario de master, grao ou calquera outro título universitario do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.

O/a xerente terá dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

A retribución elixible será dun máximo de 39.500 euros anuais, para un contrato de traballo a tempo completo. A persoa xerente non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.

- b) Persoal técnico, con titulación universitaria oficial de grao, licenciado ou equivalente do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.

A retribución elixible será dun máximo de 31.000 euros anuais para un contrato de traballo a tempo completo.

- c) Persoal administrativo:

1º Administrativo/a: debe ter o título de bacharelato ou equivalente. A retribución elixible será dun máximo de 24.500 euros anuais para un contrato de traballo a tempo completo.

2º Auxiliar administrativo/a: debe ter o título da ESO ou equivalente. A retribución elixible será dun máximo de 21.000 euros anuais para un contrato de traballo a tempo completo.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

5. No caso de dedicacións parciais, ás retribucións establecidas anteriormente aplicarase a redución correspondente de forma proporcional.
6. Os salarios brutos máximos imputables á Estratexia poderán ser actualizados anualmente en función da variación do índice de garantía de competitividade (IGC).
7. O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral e, polo tanto, seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.
8. O presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que participen no seu desenvolvemento e a Consellería do Mar, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da mesma.
9. O persoal fará unha declaración na que conste que non están incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Administración Pública, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.
10. O/a xerente fará unha declaración na que conste que ten dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.
11. No caso de que o GALP xa dispoña de persoal contratado na data da sinatura deste convenio, de conformidade co establecido nos puntos 2 e 3 desta cláusula, non será necesario que seleccione novo persoal.

O GALP certificará o cumprimento desta circunstancia, no seu caso.

Décima oitava.- Réxime de contratación do GALP

A contratación de asistencia técnica, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP no marco dos gastos de funcionamento e animación, a excepción do previsto con respecto ao persoal, que se rexerá pola cláusula anterior, realizarase segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e de eficiencia, conforme se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos.

O GALP terá en conta as instrucións que emita o organismo intermedio de xestión en materia de contratación.

Decimo novena.- Das obrigas de información do GALP

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

O GALP deberá comunicar, no prazo máximo dun mes a terse producido, as variacións nos estatutos e regulamento de réxime interior, na composición dos órganos de decisión do GALP, enderezo, correo electrónico e outros datos de contacto similares, así como calquera variación que resulte relevante para a súa correcta comunicación coa Consellería do Mar.

Vixésima.- Da obriga de seguimento e avaliación da aplicación da EDLP

1. O GALP elaborará un informe anual de seguimento dos avances realizados na consecución dos obxectivos da EDLP e de avaliación da execución da mesma, que remitirá á Consellería do Mar antes do 1 de abril do ano seguinte.

Este informe terá o seguinte contido mínimo:

- a) Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, debidamente dilixenciadas polo secretario do GALP.
- b) Relación actualizada de membros do GALP.
- c) Memoria de seguimento e avaliación da EDLP, conforme ao modelo proporcionado pola Consellería do Mar.
- d) Calquera outra circunstancia relevante para a correcta execución do EDLP.

Antes da remisión á Consellería do Mar, o informe deberá ser sometido á aprobación da asemblea xeral do GALP.

2. O GALP proporcionará á Consellería do Mar e/ou aos avaliadores designados, toda a información relacionada coa xestión que sexa necesaria para o seguimento e avaliación da prioridade 3 do FEMPA.

Vixésima primeira.- Funcións do GALP no procedemento de concesión de axudas

1. O GALP, como entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control das axudas que se convoquen para a execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo aprobadas pola Consellería do Mar, cumprirá as seguintes funcións:

a) Con carácter xeral:

1º Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GALP, nas que conste o calendario e horario de atención ao público. A oficina ou oficinas estarán identificadas

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

en lugar visible mediante un cartel ou placa que recolla os requisitos de comunicación establecidos no artigo 50.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 e no artigo 60.1 do Regulamento (UE) 2021/1139.

2º Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas sobre o contido da EDLP e sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas.

3º Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo ao Programa, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, de 13 do xuño, de subvencións de Galicia, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.

4º Tramitar dilixentemente os expedientes desde que o promotor presente a solicitude.

5º Utilizar a aplicación informática que a Consellería do Mar poña a disposición dos GALP.

6º Realizar o tratamento dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión das EDLP, conforme á cláusula vixésima cuarta.

7º Comprobar a aplicación polos beneficiarios das regras de información, comunicación e publicidade das operacións subvencionadas polo FEMPA. A estes efectos, o GALP facilitaralles aos promotores os modelos dos carteis, placas ou logotipos para informar, comunicar e dar publicidade ao proxectos subvencionados.

8º Preparar e dar publicidade ás convocatorias de proxectos. A estes efectos, o GALP elaborará unha proposta de contido da convocatoria (obxectivos estratéxicos, criterios de selección, a intensidade da axuda....) en consonancia coa súa estratexia, que trasladará ao organismo intermedio de xestión.

O GALP publicará no seu sitio web un calendario indicativo das convocatorias de proxectos, previa consulta ao organismo intermedio de xestión da data e contido da convocatoria, e da contía de fondos dispoñibles previstos.

As bases reguladoras e a convocatoria serán aprobadas e publicadas en medios oficiais pola Consellería do Mar.

O GALP divulgará as convocatorias nos medios adecuados para a súa correcta difusión.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

b) Respecto da selección dos proxectos para o desenvolvemento da EDLP nos que os GALP non son beneficiarios:

O GALP seleccionará proxectos que se encadren na EDLP segundo os obxectivos da Estratexia, de acordo coas bases reguladoras, e aplicando os criterios de selección non discriminatorios e transparentes que figuran nas mesmas.

1º O equipo técnico do GALP realizará as seguintes tarefas:

- i. Comprobar a correcta e completa presentación das solicitudes segundo os requisitos que se establezan no réxime de axudas correspondente. Con esa finalidade o GALP poderá solicitar documentación complementaria, informes sectoriais das Administracións competentes e realizará calquera outra actuación propia da instrución, segundo a normativa vixente.
- ii. Realizar unha comprobación *in situ* de que os proxectos e actividades para os cales se solicitou a axuda non se iniciaron, e redactar a acta de non inicio no caso de investimentos materiais.
- iii. Comprobar que a operación se inclúe no ámbito de aplicación do FEMPA e se atribúe a un tipo de intervención, é coherente coa EDLP e contribúe eficazmente á consecución dos seus obxectivos.
- iv. Emitir un informe técnico que inclúa a determinación da admisibilidade, elegibilidade e viabilidade dos proxectos presentados conforme ao que se estableza no réxime de axudas, incluído que se garante que a operación presenta a mellor relación entre o importe da axuda, as actividades emprendidas e a consecución dos obxectivos, e a viabilidade financeira dos investimentos en infraestruturas ou investimentos productivos.
- v. Avaliar e baremar os proxectos, segundo os criterios obxectivos de valoración establecidos na EDLP.
- vi. Finalizados os traballos anteriores, o equipo técnico do GALP elevará á Xunta Directiva unha proposta técnica de resolución de concesión de axuda.

2º A Xunta Directiva realizará as seguintes tarefas:

- i. Á vista da proposta do equipo técnico, seleccionará os proxectos que considere prioritarios para a execución da EDLP, de conformidade cos criterios establecidos nela e, previa fase de

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

alegacións e análise das mesmas, realizará unha proposta de resolución de concesión de axudas na que se fixen os importes e intensidade da axuda, que elevará á Consellería do Mar. Terase en conta que ningún grupo de interese único controle a toma de decisións segundo establece o artigo 31.2.b) do Regulamento (UE) 2021/1060.

ii.A Consellería do Mar realizará a verificación final da elixibilidade e resolverá a concesión das axudas segundo a proposta de resolución definitiva do GALP, salvo que se constate defecto de legalidade ou do procedemento de selección dos proxectos.

iii.Se o equipo técnico do GALP, no proceso de instrución, conclúe que o proxecto non é admisible, elixible ou existe desistimento ou renuncia polo promotor, daralle traslado á Xunta Directiva do GALP para que tome o acordo correspondente, decisión que se trasladará á Consellería do Mar, que resolverá segundo a proposta de resolución do GALP, agás que se constate algún defecto na proposta de resolución.

c) Respecto ás xustificacións de proxectos nos que os GALP non son beneficiarios:

1º Recibir a documentación xustificativa da execución dos proxectos seleccionados, comprobando que está completa.

2º Comprobar a correcta xustificación dos gastos subvencionados segundo o que se dispoña no réxime de axudas e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e resto de normativa de aplicación.

Inclúese a comprobación da veracidade dos indicadores de resultados, o cumprimento dos compromisos de emprego, os requisitos de publicidade e comunicación e a regularidade do gasto subxacente.

3º Remitir un informe de auditoría con cada certificación que presente o GALP á Consellería do Mar, conforme se estableza no réxime de axudas.

Este informe de auditoría haberá de ser elaborado por un auditor externo, inscrito no ROAC.

4º Remitir á Consellería do Mar as solicitudes de pagamento dos beneficiarios coa documentación acreditativa, segundo se dispoña no réxime de axudas.

5º O GALP non colabora na distribución dos fondos aos beneficiarios, polo que será a Consellería do Mar quen, comprobadas as xustificacións e a elixibilidade do gasto, proceda a realizar os pagamentos aos beneficiarios.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

6º O grupo elaborará informes e propostas sobre reintegro e perda do dereito ao cobro, de ser o caso.

d) Respecto ao control e seguimento dos proxectos:

1º Informar aos beneficiarios sobre as súas obrigas segundo o que se dispoña no réxime de axudas e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na normativa comunitaria de aplicación.

2º Realizar actuacións de seguimento e control dos proxectos subvencionados e comunicarlle á Consellería do Mar calquera incidencia ou irregularidade, de acordo coas directrices que estableza o organismo intermedio de xestión.

2. O incumprimento do establecido no apartado 1 poderá dar lugar á suspensión temporal dos pagos dos gastos de funcionamento e animación ata que se corrixa o mesmo.

3. Os aspectos técnicos da xestión das axudas será obxecto de regulación no réxime de axudas ou ben nas instrucións que se diten ao respecto.

e) Proxectos de cooperación entre GALP (proxectos propios)

Os GALP seleccionarán os proxectos de cooperación que se encadren na EDLP, segundo os obxectivos das Estratexias e de acordo coas bases reguladoras, aplicando os criterios de selección non discriminatorios e transparentes que figuran nas mesmas.

1º A xunta directiva dos grupos que participan no proxecto de cooperación aproban a presentación do proxecto para a concesión de axuda ante a Consellería do Mar. O grupo coordinador presentará a solicitude de proxecto no seu propio nome e en representación dos grupos cooperantes que participan no proxecto.

O GALP coordinador é o interlocutor co organismo intermedio de xestión para proporcionar toda a información requirida, e é designado por acordo dos grupos participan

No caso de proxectos de carácter interterritorial o transnacional nos que o grupo coordinador non sexa da Comunidade Autónoma de Galicia, designarase un grupo coordinador específico para Galicia que si o sexa e asuma as funcións e responsabilidades de grupo coordinador na parte do proxecto financiado con cargo á orde e ás bases.

No caso de proxectos de cooperación interterritoriais ou transnacionais, o proxecto corresponderá coa parte cuxa execución estea prevista que efectúen os grupos da Comunidade Autónoma de Galicia participantes.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

2º A Consellería do Mar realizará un control administrativo da solicitude de axuda. O órgano instructor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, que trasladará ao comité de selección a través dos grupos coordinadores.

3º Un Comité de selección estudará os proxectos e os avaliará en función dos criterios de selección. O comité estará constituído por persoas designadas polos grupos que non participaron na decisión de realización do proxecto, na súa elaboración nin na decisión de presentación do mesmo ante a Consellería do Mar.

4º O comité de selección emitirá proposta favorable ou desfavorable que elevará á Consellería do Mar.

5º A Consellería do Mar resolverá a concesión de axuda, denegación ou desistimento, segundo o caso.

Vixésima segunda.- Comprobación de actuacións e control financeiro

1. O GALP someterase ás actuacións de comprobación e de control que, con respecto da colaboración da execución da EDLP e da xestión dos Fondos, poida efectuar a Consellería do Mar, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que soliciten realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, nacionais como comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden.

2. Durante os cinco anos seguintes a partir do 31 de decembro do ano no que a Consellería do Mar efectúe o último pagamento dos gastos vinculados á execución da EDLP, o GALP deberá conservar, e, se é o caso, porá a disposición dos órganos mencionados, todos os documentos xustificativos relacionados cos gastos realizados.

3. Sen prexuízo das competencias do Organismo Intermedio de Xestión e outros organismos de xestión e control, o GALP asumirá a primeira responsabilidade de prevención e control de irregularidades.

O grupo comunicará á Consellería do Mar as irregularidades detectadas na aplicación do Programa, no momento no que sexan coñecidas.

Ambas partes adoptarán as medidas necesarias para a prevención, detección e corrección de irregularidades e o fraude na aplicación das dotacións financeiras asignadas.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Vixésima terceira.- Normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP

1. Na aplicación deste convenio e na xestión da EDLP terase en conta a normativa comunitaria, estatal e autonómica aplicable ás actuacións subvencionables. En particular, aplicaranse os seguintes actos e normas:

- a) Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados.
- b) Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- c) O Programa do FEMPA para España 2021-2027.
- d) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- f) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- g) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- i) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- j) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.
- k) Orde do 10 de maio de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, e

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia

l) A Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GALP.

2. Sen prexuízo do anterior, a Consellería do Mar poderá establecer regras complementarias e ditar instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

3. Así mesmo, a Consellería do Mar poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a complementariedade das axudas, a coordinación de actuacións ou outros aspectos que axuden á correcta aplicación das EDLP, que lle comunicará ao GALP para que os teña en conta no exercicio das súas funcións.

4. A sinatura do presente convenio implica o sometemento do GALP a todas as obrigas impostas ás entidades colaboradoras na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Vixésima cuarta.- Obrigas do GALP como encargado do tratamento de datos de carácter persoal.

1. De conformidade cos artigos 12 e seguintes da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), e no capítulo III do título II do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica (RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GALP comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento dos datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Consellería do Mar, na aplicación da EDLP, e no marco do FEMPA:

a) Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión do Programa e atender ás instrucións da Consellería do Mar ao respecto.

b) Comprometerse a restrinxir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.

c) Respetar e darlle traslado, ao persoal que interveña no tratamento, da súa obriga de segredo profesional nos termos previstos no artigo 5 da LOPD-GDD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GALP coa Consellería do Mar.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

d) Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GALP garántelle á Consellería do Mar que todos os seus empregados, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.

e) No caso de que o GALP destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido e eximirá expresamente á Consellería do Mar de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obrigas impostas pola LOPD-GDD e a súa normativa de desenvolvemento.

2. No non previsto nesta cláusula, aplicarase a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

CLAÚSULAS ECONÓMICAS

Vixésimo quinta.- Orzamento para a execución da EDLP

1. A dotación financeira para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local é o importe reflectido na Resolución da Conselleira do Mar de 13 de decembro de 2022, pola que se selecciona o GALP e a Estratexia sinalada.

O orzamento público para a execución da EDLP ascende ao importe total de 5.604.016,83€.

2. O orzamento, dividido por anualidades e desagregado en gastos de funcionamento e animación, e axudas a proxectos para a aplicación de Estratexias, figura como Anexo I a este convenio.

3. O GALP adaptará o plan de financiamento establecido na súa EDLP á contía do punto 1, de conformidade co cadro que figura no Anexo I.

4. O orzamento asignado constitúe o marco financeiro con relación ao que o GALP seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos da EDLP. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e animación do GALP.

A axuda para os gastos de funcionamento e animación dos GALP non superará o 20% da contribución pública total á Estratexia.

5. En todo caso, segundo o artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, este

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

orçamento está subordinado aos créditos que para cada exercicio se consignan nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. A partir de decembro de 2025, examínase a evolución do programa de axudas para a aplicación da Estratexia. Os GALP que se retrasen na execución non acadando un compromiso do 50% dos Fondos asignados ao Programa de axudas verán axustada de oficio a súa asignación. O axuste corresponderá coa dotación resultante da diferenza entre o importe que represente o 50% do Programa de axudas e o importe comprometido do mesmo, xunto coa parte proporcional dos gastos de funcionamento e animación.

A dotación económica correspondente a este axuste distribuirase entre os GALP que acadaran o 50% de nivel de compromiso, no seu caso, tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Nivel de execución de Fondos.
- b) Nivel de compromiso de Fondos.
- c) Incidencias na xestión do procedemento e na tramitación de expedientes.

A redistribución de Fondos entre Estratexias dos GALP non require de modificación do convenio, de acordo coa cláusula novena.

Vixésimo sexta.- Orzamento dos gastos de funcionamento e animación

1. O orzamento para os gastos de funcionamento e animación do GALP, que constitúen o tipo de actividade 3.1.3 do Programa, será de 1.116.425,23€, ata o ano 2026, co seguinte reparto por anualidades, de acordo cos datos do Anexo I:

Ano 2023: 223.285,11€

Ano 2024: 251.741,29€

Ano 2025: 251.741,30€

Ano 2026: 389.657,53€

As fontes de financiación destes créditos son: 70% do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e 30% de fondos da Comunidade Autónoma.

2. As axudas para os gastos de funcionamento e animación está condicionada á efectiva existencia de crédito nos respectivos orzamentos xerais de cada ano.

3. A contía establecida no punto 1 poderá ser obxecto de axuste financeiro en función da execución do tipo de intervención 3.1.2 do FEMPA e dos cambios de dotación que puideran producirse na mesma conforme ao establecido nas cláusulas novena e vixésimo quinta punto 6.

Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Vixésimo sétima.- Autorización previa do Consello da Xunta de Galicia

1. De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, dado o carácter plurianual deste convenio de colaboración, e ao implicar a asunción de obrigas económicas para a Facenda autonómica por importe superior a 150.000 €, a sinatura deste convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

2. Logo da autorización do gasto polo Consello da Xunta de Galicia poderán adquirirse compromisos de gasto plurianuais derivados do presente convenio, que quedarán subordinados aos créditos que para cada exercicio se consignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, para os sucesivos anos, segundo o disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Conselleira do Mar

Presidenta do GALP

ANEXO I.- CADRO FINANCEIRO DO ORZAMENTO DO GALP

		GASTO PÚBLICO DA EDLP				
		2023	2024	2025	2026	TOTAL
Xestión, seguimento e avaliación da EDLP e a súa animación (máximo 20%)	Custes de funcionamento e animación da EDLP	223.285,11	251.741,29	251.741,30	389.657,53	1.116.425,23
Aplicación de estratexias EDLP		4.487.591,60				
TOTAL EDLP		5.604.016,83				

